

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Saberes de María da Vrea. Tradición oral da freguesía de Folgoso (Cerdedo), de Calros Solla

Autor: Calros Solla

Calros Solla

SABERES DE MARÍA DA VREA

Tradición oral da freguesía
de Folgoso (Cerdedo)



Morgante

A colleita de María Fraíz Canaval dourouse á calor e lentura de quen todo nolo deixou: Pepa Canaval e *Mamá* Filomena. Carrexáronse as mazarocas da leira ao casal. Esfolláronse no alboio e, ben atondadas, curaron engordiño ao socairo do canastro. Do canastro á debulla, e da debulla ao muíño. Moeuse a gra en pedra borneira, e a fariña peneirouse ao xeito, enchendo sete folecas ben acuguladas: coplas, recitados, adiviñas, trabalinguas, refráns, contos, receitas... Abofé, as papas que con este óleo se fagan hannos medrar o corpo e gorentar a alma.

+ [info Edicións Morgante](#)